



C. P. BELUSO



17

MAIO 837

dia das letras galegas

- 
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS ADICADO A FRANCISCA HERRERA GARRIDO.
  - TRABALLOS LITERARIOS.
  - ENQUISA.
  - REFRANERO.
  - RUMORES.
  - DEPORTES.
  - SORRIR UN POCO.
  - DESPEDIDA, NON.

"DIA DAS LETRAS GALEGAS" Adicado a  
FRANCISCA HERRERA GARRIDO

Iste ano ,1987, adíxaselle o día das "Letras Galegas" a poetisa e narradora Francisca Herrera Garrido, nada na Coruña en 1869 e morya na mesma cidade en 1950.

Publicou tres libros de poemas:

- "Sorrisas e bágoas", (1913)
  - "Almas de muller...volallas na luz!"  
(1915)
  - "Flores do noso paxareco" (1919).
- Tamén publicou a novela "Néveda" (1920) e os relatos "A aldea de Mingos" (1922) e "Martes de Entroido" (1925).


Naceu no seo dunha familia burguesa. Viviu varios anos en Madrid coa súa irmá Keta, inda que os verans os pasaba en Oleiros, onde escribiu a maior parte da súa obra.

É unha escritora autodidacta. A súa afición a lectura despertouse nela cando era moi nova. Consideraba a súa mestra a Rosalía, seguiu relacionándose coa súa familia, cando morreu Rosalía, sendo Murguía o que propiciaría a publicación das súas obras.

En 1945 foi eleixida para ocupar un sillón na Real Academia Galega. O mes seguinte entregou o discurso (sobre Rosalía e outros galegos, que ainda permanece inédito), pero morrería antes de telo e posessionarse do sillón.

Desde 1963 en que a Real Academia Galega instituiu o Día das Letras Galegas, por se cumplir entón os cen anos da publicación de "Cantares gallegos", éste foille adicado ás seguintes persoas das nosas letras:

-Roslía, 1963	-Castelao, 1964	-Pondal, 1965	-F. Añón, 1966	-C., Enriquez, 1967	-L., Cuevillas, 1968	-Noriega V., 1969	-Marcial V., 1970	-López A., 1971	-Lamas C., 1972	-Lago G., 1973	-X. V. Viquera, 1974	-Xoan M. Pintos, 1975	-Cabanillas, 1976	-Vilar ponte, 1977	-López F., 1978	-Manuel A., 1979	-Alfonso X., 1980	-V. Risco, 1981	-Amado C., 1982	-L., Pulpeiro, 1983	-Cotameiro V., 1984	-Losada D., 1985	-I., Alvariño, 1986
---------------	-----------------	---------------	----------------	---------------------	----------------------	-------------------	-------------------	-----------------	-----------------	----------------	----------------------	-----------------------	-------------------	--------------------	-----------------	------------------	-------------------	-----------------	-----------------	---------------------	---------------------	------------------	---------------------



# TRABALLOS LITERARIOS

Ti xa o sabes, papá.....

¿Por que me preguntas iso, papá?. Ti xa sabes que a min gústame a música. Desde sempre, desde o primeiro día, desde que non era mais ca un anaquiño de carne pousado enriba do meu berce de madeira, aquel berce de barrotes torneados que hoxe dorme desfeito, roto, descolorido e raiado no polvoriento faiado do avó. ¡Pobriño berce, cantas batallas tivo que sofrir!. Desde aquel berce, papá, desde aquel berce aprendín a quere-la música.

Ti xa sabes que a min gústame a música, porque cando cáseque non era capaz de abri-los meus ollos, porque era un anaco de carne pousado no meu berce, mamá e mais ti cantabádesme, unhas veces desafinando, outras coa voz firme, unhas fermosas cancións de cuna.

Ti xa sabes que a min gústame a música porque cando nin siquera era capaz de camiñar dous pasos sen caír, mamá e mais ti faciádesme ledo o meu sono e o meu despertar con músicas sacadas daquel vello aparato de radio, que hoxe tamén dorme no faiado polvoriento do avó.

Ti xa sabes que a min gústame a música, porque cando aínda non era capaz de falar unha palabra intelixible, mamá e mais ti ensinástesme a cantar sinxelas cancións infantís.

Ti xa sabes que a min gústame a música porque cando eu chegaba do colextio, ás veces cansado, ás veces feliz, ás veces ilusionado, ás veces aburrido de tantas e tantas cousas inútiles que tiña que aprender, mamá e mais ti ensinabádesme a xogar cos coches, cos puzzles, cas colores, coa espada de plástico, coa bici.....,, e coas cancións.

Ti xa sabes que a min gústame a música, porque cando tiñades un momentiño libre, ou cando estabades a traballar na casa, mamá e mais ti moviádesvos sempre no medio da música, saída doutro aparato de radio máis novo, máis bonito, que hoxe está enriba da mesa de moite da miña habitación.

¿Por que me preguntas éso, papá?. Acostumbreime, pouquiño a pouco, a que me guste a música. Por iso, papá, non te extrañe que, o mesmo ca ti, cando estou xogando, cando traballo, cando leo, cando estou repousando, ou cando non teño nada que facer, queira tamén escutar música.

Gústame a música, papá, ti xa o sabes.

### O MUIÑO

Eu teño un muíño,  
que moe de todo,  
moe silveiras,  
trigo e tamén millo.

Eu teño un muíño  
vello, vello desde  
o ano mil doux centos.

O muíño moe  
de todo,  
moe silveiras  
e tamén trigo e millo.

Moe, moe  
omuiño do meu corazón,  
o corazón del está na miña alma,  
porque el ten corazón.

Gonzalo C. 6ºB

### O LABREGO

Amañece en Galicia,  
o labrego xa despertou  
e vai con ladedia  
a traballar de sol a sol.

Xa volve á súa casa  
farto de traballar,  
a súa muller esperao  
pois xa fixo o xantar.

A terra non agradece  
o traballo do labrego  
e xa canso de súar  
marcha para o extranxeiro.

Inés F. 8ºA

### A PRIMAVERA

Os campos están verdes  
e as herbas medran;  
os animais teñen pastos  
e as lilas frorecen.

As arbores verdosas  
locen xunto ós ríos,  
mentras os paxariños  
construyen os seus niños.

As rechamantes bolboretas  
pousanse nas rosas,  
dicindo que son  
as más fermosas.

E os pequenos coelliños  
moven os rabiños,  
chamando a súa nai  
cos seus berriños.

J. Saliño P. 5ºA

### BARQUEIRO

Barqueiro que vives xunta ó río  
co teu loriño colorido.

Na túa casa de madeira  
agardando a primavera.

paseas á xente  
cantando unha melodía  
mentras se divirten  
tocando a auga fría.

Os fermosos peixiños  
que viven no río  
saúdanche ó pasar  
baixo as árbores sombrías.

Mª Del C. Porto, 5ºA

### " A IMAGINACIÓN "

Eu estaba co meu can no deserto. El xa non podía máis e diciame:

- Prefiro morrer aquí a seguir camiñando.

Eu dáballe ánimos. (E por fin chegamos) Despois de moito camiñar chegamos a unha gran cova, negra coma a boca dun lobo, non sei se o deserto sería mellor que aquela arripiante cova. Entón progunteille ó meu can:

- ¿Non será mellor darla volta e buscar un oasis?

- Eu creo que non. Polo menos dentro da cova non fará sol.

Seguimos andando por aquela cova que más ben parecía un laberinto.

O fin chegamos ó final e vimos un enorme mar branco. Entón sentín como se alguéén me tocase, e o meu can ladraba sen parar. Mirei hacia atrás e vin a miña nai dicíndome:

- Termina de almorzar que xa é moi tarde.

O deserto, o laberinto e o mar branco fora todo imaxinación miña.

O deserto era unha tostada de pan con manteiga, o laberinto era un queixo de gruiere que tiña no meu prato, e o mar branco o leite do meu vaso.

Lucía Feijoo

### "O home cañoneiro"

Nos tempos de María Castaña, existiu unha lenda moi fermosa, é a que vos vou contar eu.

Un home sen nome, coñecido como "o home cañoneiro", vivía nun castelo deserto. Este castelo tiña algo que os outros non tiñan; que eran armas de fogo modernas. Uns díns que eran regaladas por Gaddaffi e outros por Reagan, pero o certo que llas regalou Gorvachov.

Este home sempre practicaba puntería en latas de basura ata que un día matou unha ovella dun pastor e este empezou a berrar.

- ¡Socorro, que me matam, socorro! - O home cañoneiro, ó escouitar estes berros, corre ó lugar e preguntou con cara de asombro:

- ¿Qué lle pasa, señor pastor? - O pastor contestou:

- Nada, é que Gaddaffi mandou facer aquí prácticas de tiro e matáronme unha ovella. O home cañoneiro respostou:

- Vostede tranquilo que ~~era~~ apágolle a ovella. - O pastor respostou:

- ¡Tranquilo! Eu cos homes de Gaddaffi por aquí... ¡Non, fillo, non! Non será iso certo.

O home cañoneiro voltou o castelo e ó chegar estaba cheo cos homes de Gaddaffi, Reagan e de Gorvachov.

Botouse a correr, o cañoneiro, en busca do pastor que estaba coas ovejas. Era unha fada e pola valentía del axudouelle,

Fixeron un plan e éste foi que Reagan, Gaddaffi e Gorvachov se convertiran, un en ovella, outro en galiña e outro en can, por iso cando saen na tele non os entendemos.

Pois desde aquel tempo de María Castaña non sabemos se o home cañoneiro vive ou non.

Juan Manuel Otero Pereira

## CONVERSA DE SERPES

- Non tóda-las serpes son iguais, dixo a Paxoliña.
- ¿Por que? preguntou Xanciña.
- Porque alguéns serpes teñen un encanto natural.
- ¿Como? ¿Por que? insistiu Xanciña.
- ¿Acordaste da irmá do curmá da amiga de Emilia? Dixo Paxoliña.
- Acordo, acordo-respondeu a súa irmá.
- Pois a irmá do primo da amiga de Emilia coñeceu é pai dun amigo do seu amigo ¿Entendes?
- Entendo, entendo - dixo rapidamente Xanciña; pois... estaba inquieta por saber en que acababa aquel rollo.
- O pai do amigo do curmá da amiga de Emilia fora encantado por un mago. Con esa encantación, Anxo, que así se chamaba o pai do amigo do amigo do curmá da amiga de Emilia, podíase facer amigo dos homes, cambiar de forma e facer todo o que quixera.
- Un día o Anxo fora pasear á eira do pai do amigo daquel home que te atacara ¿Lembraste? -preguntou Paxoliña.
- Por desgracia sí -dijo Xanciña.
- Bueno, como dicía, Anxo fora pasear á eira do pai do amigo do home que te atacou, e cos seus encantamentos fixose amigo dese home.
- Un día doulle unha boa merebda, pero ainda lle parecía pouca ó Anxo e foille dicir ás outras serpes que viñeran a matalo, así poderían comer máis. Así o fixeron.
- ¿E por que o traicionou? -pregunta Xanciña.
- Non se sabe -respondeu Paxoliña- mais agora ainda toda-las serpes temos algo de encantamento, pero os homes xa non se fían de nós, xa que se correu a voz de que o mellor amigo do home, ese fora asasinado por ese mesmo amigo.
- ¿Queres dicir que agora xa ninguén se fía das serpes? -preguntou Xanciña.
- Pois claro, por eso te atacaron fai cen anos -contestou Paxoliña.
- Xanciña quedou moi pensativa no que lle contara Paxoliña e de súpito dixo: - Se eu fuera Anxo nonfaría iso nin tola!

4<sup>a</sup> ASUNCIÓN 7<sup>a</sup>A

## ESTA SERÍA A HISTORIA QUE ME GUSTARÍA PUBLICAR

Fai algúns séculos os reis españoles daquela época quixeron acabar cunha lingua, "a lingua galega".

As xentes galegas estaban diseminadas. Por cada sitio que pasaban burlábanse deles, ríanse... Os agricultores gallegos estaban obligados a traballar coma escravos. Cando chegaba a época da colleita do trigo tiñan que ir a Castela para traballar para as xentes de ali. Ainda de facer todo iso quixéronlle quita-la lingua. Púñanlle homes que falaban castelán nos bancos, na administración pública de tal forma que o quería algo tiña que pedilo en castelán.

SEGUE

As xentes avergonzábanse de fala-lo galego. Isto pasou durante moitos anos, ata que algúns escritores, como Castelao, empezaron a convence-la xente que a lingua galega era unha lingua que non se podía perder, que había que loitar para bota-la adiante. E así se fixo. A xente loitou para que o galego non se perdesse.


Hoxe en día todo-las galegos falan galego na rúa, na administración pública, os nenos aprenden na escola a falalo, a escribilo e a saber utilizalo.

J. C. Canosa 7ºB

# Última hora deportiva

En Bermeo-Vizcaya

ÉXITO DOS REMEIROS DO CLUB DO MAR DE BUEU



É a primeira vez que un equipo galego conquira clasificarse para a Tanda de Honor, na categoría Senior.

O "Viruxé" foi tripulado polos remeiros: Carlos Juncal Gil, J.M.Costas Malvar, Fernández González Masenlle e Javier Pazos Fariña.

PATRON: J.Benito Pazos F.  
SUPLENTE: Ángel Mariño Dopazo

## CLASIFICACIÓN

Sábado día 9 de maio.

Tanda A

- 1º KAIKU
- 2º BUEU
- 3º CASTRO URDIALES
- 4º MUNDAKA

Tanda B

- 1º SANTOÑA
- 2º IBERIA
- 3º CASTROPOL
- 4º MUGARDOS

Domingo, 10 de maio.

Clasificación da Tanda de Honor:

- 1º SANTOÑA
- 2º IBERIA
- 3º KAIKU
- 4º BUEU

A N O S A E N H O R A B O A

\$

## OLIMPIADA

O día 6 de xuño, sábado, o noso COLEXIO participará na Olimpiada de Moaña, organizada polo Colexio de Reibón. Os rapaces que vaian, teñen que leva-la comida porque voltaremos pola noite.

# ENQUISHE

Os alumnos de 7º A desexabamos conoce-lo que pensaban do colexio os nosos veciños de Beluso. Por tal motivo, orientados polo noso mestre de "Lengua castellana", fixémo-la seguinte enquisa:

## PERSONAS ENCUESTADAS:

	35 estudiantes
	50 mariñeiros
	45 amas de casa
	35 outras profesións
TOTAL	165 persoas encuestadas dos distintos barrios de Beluso.

## PREGUNTAS:

1ª/¿ESTIVO ALGUNHA VEZ NO COLEXIO DE BELUSO?

Contestaron:

NON.-	17 persoas
ALGUNHA VEZ.....	67 "
MOITAS VECES.....	81 "

2ª/O LUGAR ONDE ESTÁ SITUADO O COLEXIO PARECERÉ O MÁIS ADECUADO?

Respostas:

SÍ.-	115 persoas
NON.-	50 "

¿ONDE O SITUARÍA?

Contestaron:

CERCA DAS PRAIAS.-	8 persoas
NA RUA NOVA.....	4 "
NA PRAIA DE BLUSO.-	4 "
EN UDRA.....	3 "
CERCA DA MIÑA CASA.	10 "
RESPOSTAS VARIAS..	21 "

3ª/ESTARÍA VOSTEDE A FAVOR OU EN CONTRA DA XORNADA INTENSIVA?

Contestaron:

A FAVOR.-	81 persoas
EN CONTRA...-	67 "
NON CONTESTARON.	17 "

4ª/¿COMO PENSA VOSTEDE QUE SE DEBERÍA IMPARTI-LLO ENSINO NO COLEXIO?

Contestaron:

TOTALMENTE EN GALEGO...-	26 persoas
TOTALMENTE EN CASTELÁN.-	28 "
EN GALEGO E CASTELÁN...-	111 "

5ª/ SE TIVERA QUE CALIFICA-LO NOSO COLEXIO ¿QUE NOTA LLE PORÍA?

Contestaron:

MAL.- 9 persoas  
REGULAR....- 51 "  
BEN.- 81 "  
MOI BEN....- 24 "

6ª/DÍGAME TRES ASPECTOS DO NOSO COLEXIO QUE LLE AGRADEN DUN XEITO ESPECIA

Contestaron:

O CROSS...- 69 persoas  
OS DEPORTES.- 54 "  
G. GAITAS...- 51 "  
TEATRO.....- 48 "  
BAILE.....- 24 "  
PROFESORADO.- 19 "  
CARNAVAL....- 6 "

7ª/¿QUE CAMBIARÍA VOSTEDE NO NOSO COLEXIO?

Respostas:

NADA.....- 50 persoas  
A LIMPIEZA.....- 33 "  
SERVICIO.....- 27 "  
ALGUNHAS COUSA INTERNAS.- 17 persoas  
OS PROFESORES.....- 14 "  
Os CAMPOS DE DEPORTES....- 7 "

Estas foron as respostas dę 165 veciños de Beluso. A nosa curisidae quedou satisfeita. Vostedes, lectores do periódico FIADEIRO, saquen as súas conclusións.

OS ALUMNOS de 7º A



-Raposo que moito dorme, galiña gorda non come.  
-Febreiro camiseiro, nin boa meda nin bo palleiro.  
-Se maio chora, auga criadora.  
-Ninguén nace aprendido.-Cada roca o seu fuso, cada terra o seu uso.  
-O que quita e non pon, logo chega ó fondón.-O que ten tenda que lle atenda e senón que a venda.-De ruín madeira nunca boa estela.-Día de moito, véspera de nada.-O tolo e o borracho din o que teñen no papo.-Ou nas unllas ou nos pés has semellar a quen es.-Daímos dun souto e metémonos noutro.-En tódalas niñadas hai un pito coxo.-  
-Se queres tallar bo entrecosto, empeza a cobar en agosto.-Agosto e vendimia non son cada día.-En San Xoán xa a sardiña molla o pan.  
-Cando marzo maiea, maio marcea.-A auga de maio non fai dano.-Entre marzo e abril sae o cuco do cubil.-Vaite febreiriño curto, cos teus días vinte oito, que si tiveras más catro, non quedaban nin can nin gato.-Cando a Candeloria chora medio inverno vai fora, que chore, que deixe de chorar, medio inverno está por pasar.-A chuvia de abril enche o carro e mailo barril.-O que non ten mañas non come castañas.-Home de moitos oficios, pouca ganancia.-Máis vale calar que mal falar.-O verán de San martiño son tres días más un pouquiño.-Vaite, corvo, do lousado, non me traias un mal fado.-Mellor que da mazá falar é dala a probar.-Polo San Martiño, deixá a auga e bebe o viño.-Marzo ventoso e abril chuviioso fan a maio florido e fermoso.-Marzo marzá, pola mañán cariña de rosa e pola tarde cara de can.-Se queres que o carro cante móllalle o eixo no río, e despois de estar mollado canta coma un asubío.-Máis vale pequeño e agudo que grande e burro.-A mentira bem posta, moito vale e pouco costa.-Máis vale pouco pecar que moito confesar.-Non hai mal que cen anos dure.-A chuvia en San Xoán non da viño e tolle o pam.-As aves de pico non deixan ó seu amo rico.-A desgracia do pobre é andar a pedir.-Máis vale facelo que mandalo.-Cando a semana está de piollos non vale mudar camisa.-Muller que cría fillos non critica ós veciños.-Deixate andar, Manuel, coa capa remendada, deixate andar, Manuel, que quen mal anda mal acaba.-Polo San Martiño os trompos ó camiño.-Polo San Bartolomeu dí o inverno: Aló vou eu.-O día de Santa Lucía mengua a noite e medra o día.-En xaneiro un pouco ó sol outro pouco ó fumeiro.-Canta más presa máis bagar.  
-Nace o corvo na pena e tira para el.-Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.-Estercar e sachar non debes reparar se queres colleitar.  
-Un é de onde pace non de onde nace.-Xente nova e leña verde, todo é fume.-Se tés cataro dalle ó xarro.-O que vaú a San Andrés e corre pouco, vai nun mes e vén no outro.-Quen moito corre axiña para.  
-A todo porquiño lle chega o seu San Martiño.-Doce galiñas e un gallo comen a cebada dun cabalo.-Lúa nova, lúa chea, vai o mar ás dúas e media.-

Nota: Moitos más refráns quedaron no caixón. Dada a grande cantidade deles, tivémoslos que colocar deste xeito. Pregámoslles

# Rumores, Rumores, Rumores...

CORREN RUMORES que para baixar a praia de Bon van a poñer un todoterreno público.

CORREN RUMORES que este ano máis vale copiar que quedar sén excursión.

CORREN RUMORES de que este ano non imos a facer a festa da "tortilla" senon a da empanada porque xa hai moitas feitas.

CORREN RUMORES de que Doña Dolores inda que é a dona dos doores non sabe controla-los xa que sempre está queixándose.

CORREN ROMORES de que D. Xosé Manoel fai de doutor en matemáticas coas enfermedades da "ecuacionitis".

CORREN RUMORES de que no antroido do ano que ven os nenos irán de santos porque demos xa o son.

CORREN RUMORES de que o colextio vai ter de todo.

CORREN RUMORES de que se lle vai poñer un nome novo a Celulosas de Pontevedra: A fábrica dos "peidos".

CORREN ROMORES de que Reagan virá ó colextio comprobar si o cheiro é de algún misil americano.

CORREN ROMORES de que os "cristeleiros" vanse voltar ricos gracias o noso colextio.

CORREN RUMORES de que a desfeita do monte acabarase para o ano 2.000

CORREN RUMORES de que o porteiro do colegio vai pasar a diantero centro.

CORREN RUMORES de que si o coro de Beluso fora a Eurovisión gañaría o primeiro posto.

CORREN RUMORES de que os rapaces de oitavo sáenlle callos de tanto facer quinielas.

CORREN RUMORES de que a mestra de Galego ten complexo de Drácula; pois ó que non ten "boli" bermello ponle un cero.

CORREN RUMORES de que as copias soio serven para perder o tempo, gastar follas e "bolis".

CORREN ROMORES de que os nenos quitan boas notas en relixión porque a mestra deixa copiar.

CORREN RUMORES de que a Biblioteca de Colextio vai ser declarada "Patrimonio Cultural" pola cantidade e calidade literaria que ten.

CORREN RUMORES de que algúns nenos pagarán 200 ptas. menos para a excursión porque os da APA danllas para compensar o IVE.

# DEPORTES

## XOGOS ESCOLARES

Neste curso o noso colexio participou nos xogos escolares nos seguintes deportes:

- Balonmán mas.e fem.
- Futbito masc.
- Baloncesto masc.
- Ping-Pong mas.e fem.
- Campo a Través.

### BALONMAN

En Balonmán Infantil, tanto masc. como fem., foron eliminados en semifinales polo Colexio Atlántico de Pontevedra, os nenos, e polo Colexio Príncipe Felipe, as nenas.

### FUTBITO VETERANOS DE BELUSO

Este ano ganou a Liga de Veteranos o equipo de PROFESORES de Beluso.

Na Copa tamén chegaron á final os Profesores e perderon contra o ALMECAR por 2-1.

Agora xogarán unha liguiña entre o campeón de Liga e campeón de Copa de Beluso contra o campeón de Liga e campeón de Copa de Bueu.



### LIGAS INTERNAS DO COLEXIO

Durante todo o curso estanse a disputar unhas ligas internas entre todo-los alumnos do Colexio. Algunhas xa remataron quedando compeóns os seguintes equipos:

- En Infantís, o equipo de MONTEMOGOS
- En Alevíns, o equipo de CABALO.

No Ciclo Medio aínda non rematou a competición, pero xa van destacados os equipos: LOS RAPIDOS, COBRA e OS ESCORPIOS.

Dentro dos equipos femininos do Ciclo Medio destacan: BOHEMIA WORKS e AS MARCIANITAS.

### PING-PONG


En Ping-Pong participouse por primeira vez en categorías femininas quedando as Infantís →

campeonas do Morrazo. Na seguinte fase foron eliminadas polas alumnas de Vilaxoán.


Os rapaces tamén foron campeóns do Morrazo en tódalas categorías, sendo eliminados os Alevíns e Infantís polos Salesianos de Cambados.

Os Cadetes chegaron á final, que se xogará o día 5 de xuño. O equipo de Cadetes que chegou á final está composto por:

- Serafín Canosa
- Miguel Maquieira
- A Alvaro Loveira.



#### ALEVÍNS FUTBITO



O equipo Alevín de Ftbito "LEÑA VERDE" quedou Campeón de Liga en Bueu. Na Copa quedou de Subcampeón perdendo na final contra o R. Bahía de Aldán.

Os xogadores do "Leña Verde", que son rapaces do noso Colexio, son os seguintes:

- 1.-Pablo M. Santos A.
- 2.-Juan M. Pereira O.
- 3.-Marcos González G.
- 4.-José R. Pazó M.

5.-José Angel López do Campo.

6.-Generoso González Graña

7.-Alberto Portela Martínez

8.-Carlos González García.

Na liga quedou de máximo goleador Juan M. Pereira e de portero menos goleado Pablo M. Santos Abal.

# SORRIR UN POCO

-Doutor, ¿vostede cre que estas manchas que me sairon, son do tempo?  
-Sí, do tempo que fai que non se lava.

-¿Onde vas con tanta presa, Xaquin?  
-A oficina. Vou ver si chego a tempo para hora de sair

- ¿ Viches maior tontería que pasar o tempo pescando?  
- Sí, pasar o tempo ollando ó que pesca.



Xuez -¿ onde estaba vostede a noite do tres ó catro de xaneiro?

Reo -Durmindo.

Xuez -Demóstrello ó tribunal.

Reo -Ben, traiame unha cama.

-Cando o noso fillo remate os estudos, ¿que será?

-Moi vello.

-Eu teño dous ases manito...

-Eu teño duas pistolas...

-Vale, manito, tí gañas...


-O seu pobo é tan miserable que a única diversión é ir a ver a chegada do tren.

-¿Que tren?

-Papá, ¿Ti es un paxariño?

-Non, ¿por que?

Porque fai un pouco mamá dicía que che ía a cortar as ás.



-Mira, fillo, a vida está moi cara e hai que aforrar. Eu deixei de fumar. Mamá deixou de pintar as uñas. e ¿Ti?

-Papá, si che parece ben deixo de ir á escola.

-¿Que fas ahí subido á pereira?

-Coller a pelota.

Pero si a pelota leva ahí máis de dous meses.

-Sí, pero entón as peras non estabar maduras.

## LINGUAXE CAPRICHOSA

Neste mundo, señoras,  
hai moitas Conchas sen perlas,  
moitas Rosas con espiñas,  
moitas Bárbaras de veras,  
moitas Leonas que morden,  
moitas Virtudes de pega,  
moitas Pacas de algodón,  
moitas Cándidas que voan,  
Amparos que a ninguén amparan,  
Consuelos que dan mil penas,  
Teclas moi desafinadas,  
Claras escuras e espesas,  
Pepitas... de calacú,  
Rosarios que nada rezan,  
Venturas desventuradas,  
e Nieves moi "cenicientas"  
Dolores que dan dores,  
e Mercedes que as negan,  
e Remedios más crueis  
as conformidade d'onnadoiro

## ¿ Despedida ? NON

Xa estamos en oitavo e o único que podemos facer é lembrar. O curso está a punto de rematar e só nos queda cavilar en tempos pasados cheos de alegria e divertimento.

Xa pasaron oito anos, para algúns máis, e os alumnos, os mestres e o colexio seguén tan unidos coma ó principio. Pasado tanto tempo imos collémdolle cariño ós nosos, ó colexio.

Moitos rapaces ansían chegar a oitavo para saíren do colexio, non pensabamos así, pero agora desexamos que o tempo se estanque, que non pase, porque a idea de irnos do colexio fai que o corazón nos deixe de latir.

Tamén algúns mestres se irán, pero desde eiquí queremoslle decir que xamais os esquencaremos, xamais poderemos deixar de pensar no ben que se portaron con nós.

Xa chegou a hora da despedida, non do adeus, senón do ata logo, do ata pronto.

Ata pronto porque seguro que algún día voltaremos e ainda que teñamos unha excusa para vir, a verdade é que xa botaremos en falla a vida escolar.

Nós que fomos vendo como o colexio ía mellorando (pista de baloncesto, placa dianteira, indumentaria de ximnasio....) non podemos esquencer e agora só podemos lembar...

En xuño, cando nos den as vacacións, ó irnos, volverémo-las testas atrás e botaremos unha tristeira mirada ó colexio, a oito anos de estudio, de sacrificio, pero tamén de divertimento.

Endexamais vos esquencaremos, mestres. Tampoco esquencaremos ó noso colexio.

Genoveva Magdaleno Alvarez



